

# Caudaloso pensar

## Con brillantez poliédrica

ROMÁN RAÑA

Sabiamos xa que María do Cebreiro Rábade Villar era unha extraordinaria poeta. Agora comprobamos tamén que é unha vigorosa hermeneuta. *Fogar impronunciable. Poesía e pantasma*, o libro de ensaio que agora nos ocupa, confírmalo. Estamos ante unha obra de caudaloso pensar. E de audaces perspectivas. Desde un punto de partida novedoso nos nosos lares (a figura do espectro desde o Rexurdimento), María do Cebreiro (Compostela, 1976) vai penetrando no mundo poético de Rosalía de Castro, de María Mariño, de Manuel-Antonio, facendo inquietantes escalas indagatorias en Pasolini, Shakespeare e nas fronteiras político-culturais.

Desde os inicios do volume e tamén do noso rexurdir, a literatura na nosa lingua correu parella á reflexión sobre a nosa propia e cambiante identidade como pobo e, en consecuencia, tamén correu parella á soflama dos idearios políticos que o trataron de defender ao longo das centurias. Nada sucede casualmente e a figura do fantasma (un pasado que se nega a morrer ou que non morre totalmente), cando interfire na vida dos vivos adquirir un estatuto verdadeiramente perturbador. María do Cebreiro percorre ese camiño con brillantez poliédrica e con caleidoscópica intelixencia.

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro, *Fogar impronunciable*, Ed. Galaxia, Vigo, 2011, PVP 21 €

